

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000012

ASOCIACION CULTURAL SAN XOAN

()

NOTIFICACIÓN

Notifícasele que a Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria celebrada en data 16-06-2025 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

7.- APROBACIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á A.C. SAN XOÁN PARA A ORGANIZACIÓN DAS FESTAS DE SAN XOÁN 2025

ANTECEDENTES DE FEITO

Entre o 19 e o 29 de xuño celebráranse as Festas de San Xoán, organizadas pola Comisión de Festas San Xoán 2025 (Asociación Cultural San Xoán), coa colaboración do Concello de Carballo e a supervisión da Concelleira de Festas.

Con data de rexistro de entrada no Concello do 3 de xuño de 2025 a Asociación Cultural San Xoán solicitou a axuda económica do Concello de Carballo para o desenvolvemento do programa das Festas de San Xoán 2025, xuntando: o programa e presuposto desglosado de gastos, certificados de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade para contratar.

Con data de rexistro de entrada no Concello do 12 de xuño de 2025 a A.C. San Xoán presentou a declaración responsable para a organización das Festas do San Xoán, xunto coa documentación de ter contratado un seguro de responsabilidade civil.

A Concellaría de Cultura realizou unha proposta de decreto (2025/G003/001698) para a aprobación da colaboración do Concello coa A.C. San Xoán na organización das Festas de San Xoán 2025 e a aprobación do programa de actividades, das ditas festas.

No orzamento municipal de 2025, contéplase unha subvención nominativa por un importe de 150.000 € a favor da Asociación Cultural San Xoán. Este gasto irá con cargo á aplicación orzamentaria 3380.48900 "Subvención Festas San Xoán". Esta aportación económica ten o carácter de subvención nominativa, e así ven prevista na base vixésima novena das bases de execución do Orzamento para 2025.

A interventora municipal emitiu o informe de fiscalización ao outorgamento da subvención o día 13/06/2025; o RC ten a mesma data.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e a Lei 5/1997, de 22 de xuño da administración local de Galicia, atribúen competencias aos concellos de fomento e organización de actividades nos seus respectivos ámbitos territoriais e o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece como competencia propia dos concellos a promoción da cultura, entre as que se atopan o fomento de actividades que poñan en valor o patrimonio material e inmaterial do municipio.

A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, contén o réxime xurídico de aplicación no outorgamento de subvencións nominativas así como o procedemento de xestión e xustificación das subvencións.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000012

O órgano municipal competente para adoptar este acordo é a Xunta de Goberno Local, por delegación de Alcaldía a través do Decreto 632/2025, do 26 de febreiro, de revogación e delegación de competencias na xunta de Goberno Local.

En cumprimento das competencias que o Concello de Carballo ten na promoción da cultura e na ocupación do tempo libre, conforme se estipula no artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, a Concelleira delegada de Cultura e Festas efectúa a proposta de aprobación o día 12/06/2025, xunto coa Xefa de servizo de Cultura, no expte. 2025/A004/000015.

Por iso, a Xunta de Goberno Local en uso das competencias delegadas polo Sr. Alcalde segundo o Decreto 632/2025, do 26 de febreiro (BOP nº 46 de 10/03/2025), por unanimidade dos membros (7), acorda:

Primeiro.- Conceder unha subvención á Asociación Cultural San Xoán (CIF G15470693) por un importe de **150.000 €** para a realización das Festas de San Xoán 2025, con cargo a aplicación orzamentaria 3380.489.00 (núm. de operación RC 220250005416 do 13/06/2025), segundo programa e presuposto presentado con data do 4 de xuño de 2025.

A relevancia, proxección e traxectoria avalan o carácter excepcional das Festas do San Xoán que xustifica a concesión da subvención nominativa, sendo un evento festivo, social e cultural único no municipio, non existindo ningunha outra acción de similares características nin unha convocatoria de subvencións de concorrencia competitiva do Concello dirixida a eventos similares desta magnitude. A Asociación Cultural San Xoán non dispón de fondos propios cos que facer fronte a un proxecto desta envergadura e precisa de axudas públicas para o seu financiamento.

A organización das Festas do San Xoán conleva a realización de diversas tarefas de programación, deseño, comunicación, produción e xestión previas á celebración dos espectáculos ou actividades, así como o gasto derivado das mesmas, que, xunto con celebración dos espectáculos tamén forman parte das festas.

Segundo.- Esta subvención do Concello de Carballo é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xunto co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificable.

Non obstante, no caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificable, minorarase a aportación municipal no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido. Considéranse gastos subvencionables todos aqueles nos que se incorra na preparación ou ao longo do período de actividade establecido, directamente relacionados coa actividade subvencionada, e aqueles nos que se incorra para a preparación da actividade que tivera que ser cancelada por causas de forza maior ou caso fortuíto non imputable á organización como tarefas de programación, deseño, comunicación, produción e xestión previas á celebración dos espectáculos ou actividades, así como os gastos derivados dos mesmos que, xunto coa celebración dos espectáculos tamén forman parte do programa.

Considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. Excepcionalmente, admitiranse os gastos dos impostos devengados no último trimestre do ano, cuxo pago deba realizarse no exercicio seguinte debido ao calendario fiscal, sempre que o gasto se refira ao período subvencionable.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000012

Terceiro.- Debido ao interese xeral que as festas de San Xoán teñen para Carballo e á importancia, alcance e alto custo do programa, así como ao tipo de gastos asumidos pola Comisión de Festas, que requiren, en moitos casos, do pago anticipado dos servizos prestados, sen que a asociación teña capacidade económica para asumilos, o pago da subvención que se conceda á A.C. San Xoán para a realización das Festas de San Xoán 2024 terá carácter prepagable, sen necesidade de constituír garantía.

O pago realizarase unha vez notificado este acordo e sempre que a asociación acredite estar ao corrente nas súas obrigas fiscais coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social. Así mesmo deberá presentar declaración de non estar incurso en causas de incompatibilidade ou incapacidade para contratar e percibir subvencións da Administración Pública.

A asociación estará obrigada a reintegrar o importe recibido en concepto de anticipo, se por calquera circunstancia o programa non se realizase ou non se cumprirá coas obrigas e requisitos establecidos para a concesión e, en todo caso, nos supostos regulados no artigo 37 da Lei 38/2003, e nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007.

Cuarto.- A asociación terá que xustificar o cumprimento da actividade subvencionada, mediante a presentación, unha vez finalizado o proxecto, e sempre antes do 30 de decembro de 2025, da seguinte documentación:

- Declaración da realización do programa de actividades obxecto da subvención e memoria das actividades realizadas e grao de cumprimento do obxectivos.
- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras Administracións Públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto, ou ben, declaración de non ter outras axudas ou subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto.
- Relación clasificada dos gastos da actividade, con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión e indicación das desviacións respecto do orzamento presentado na solicitude e balance de ingresos e gastos realizados con motivo da actividade subvencionada co obxecto de comprobar que se axustou ao presuposto inicialmente presentado.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen no prazo establecido e respecten os límites establecidos na lexislación aplicable. Considéranse gastos subvencionables todos aqueles nos que se incorra na preparación ou ao longo do período de actividade establecido, directamente relacionados coa actividade subvencionada, e aqueles nos que se incorra para a preparación da actividade que tivera que ser cancelada por causas de forza maior ou caso fortuíto non imputable á organización, como consecuencia das restricións establecidas pola normativa para o desenvolvemento de actividades.

- Facturas orixinais ou fotocopias debidamente compulsadas dos gastos realizados en exercicio da actividade subvencionada, por importe cando menos, da contribución do Concello de Carballo. Nas facturas deixarse constancia de que foro utilizadas como xustificante da subvención percibida, especificando a súa utilización para a xustificación da subvención da convocatoria correspondente.
- Acreditación da difusión realizada das actividades e que as mesmas contan co financiamento do Concello de Carballo.

Quinto.- Para o non previsto neste acordo de concesión será de aplicación o disposto na ordenanza xeral de subvencións do Concello de Carballo, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia e na demais normativa administrativa reguladora das axudas e subvencións públicas.

CONCELLO DE CARBALLO

C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2025/G007/000012

De acordo co artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, contra este acto de trámite non procede interpoñer recurso ningún, sen prexuízo do que podan alegar as persoas interesadas para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento.

Documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe.

A Secretaria
Marina Núñez Orjales